



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día dezaseis de outubro de dous mil quince tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16 DE OUTUBRO DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as nove horas do día dezaseis de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día trece de outubro de dous mil quince.

**2.- LICENCIAS DE OBRAS
NON HAI LICENCIAS.**

3.-FACTURAS

Dáse conta da factura número 010000417 de data 16 de outubro de 2015, polo concepto de Adquisición de equipamento informático para Casa Concello subvencionada con cargo a un Convenio de Colaboración entre o Concello de Agolada e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo importe de 8.295 euros, a favor de MICRODEZA INFORMÁTICA, S.LNE. A Xunta de Goberno Local, en



concello de
agolada

Tel: 986 788 062 / 063
Fax: 986 788 197
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación a dito documento e proceder ó seu pago.

Dáse conta da factura número 314 de data 16 de outubro de 2015, polo concepto de Adquisición de mobiliario para Casa Concello subvencionada con cargo a un Convenio de Colaboración entre o Concello de Agolada e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo importe de 6.576, 35 euros, a favor de MUEBLES MIGUELEZ, S.L. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación a dito documento e proceder ó seu pago.

4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS NON EXISTEN.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde - Presidente levántese a sesión, sendo as nove horas e trinta minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a dezaseis de outubro de dous mil quince.



O secretario,

